

Proposta de adxudicación da contratación administrativa para a xestión da produción audiovisual

Con data de 23 de xuño de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 206.600,00 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 308, de 26 de xuño de 2014. O anuncio de licitación da contratación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 125, de 3 de xullo de 2014.

Logo da realización dos trámites legais e regulamentarios procedentes a Mesa de Contratación, na súa reunión do 4 de agosto de 2014, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento a adopción do acordo de requirirle á empresa Spica, S.L. a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para proceder á adxudicación do contrato.

Á vista da proposta, e previo informe favorable da Intervención, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 8 de setembro de 2014 adoptou o Acordo de requirirle á empresa Spica, S.L. a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, se é o caso, á adxudicación do contrato.

Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa o 10 de setembro de 2014.

Con data 17 de setembro de 2014 a empresa Spica, S.L. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 27444), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval nº 010000019864 da entidade "Sogarpo sociedad de garantía recíproca" por importe de 4.800,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, propónse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contratación administrativa para a xestión da produción audiovisual, á empresa Spica, S.L., polo seguinte importe:

Prezo anual	96.000,00 €.
21 % IVE	20.160,00 €.
Total prezo anual.....	116.160,00 €.

Santiago de Compostela 18 de setembro de 2014.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia